Usos medievais da lingua galega: a prosa escrita

Autoría:
Moscoso Mato, Eduardo

Resumo:
Conscientes de que, cando se fala de literatura galega medieval, normalmente nos referimos ás cantigas (lírica galego-portuguesa medieval), queremos nesta contribución lembrar que tamén existe unha rica prosa en galego medieval, que abarca as principais temáticas literarias que circulaban na época por outros reinos peninsulares e europeos.

Institución	Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela
Correo de contacto	eduardo.moscoso@usc.gal
Ano publicación	2026

Contido do artigo:

Podemos afirmar que a maioría da poboación galega minimamente escolarizada escoitou falar algunha vez das cantigas medievais galegas ou galego-portuguesas. Termos como *cantigas de amigo* ou *cantigas de amor* adoitan non seren estraños para a maioría do estudantado galego de ensino medio. Poderiamos dicir que a literatura galega medieval está asociada con esas composicións líricas de modo inseparable. E mesmo sabemos que este xénero literario excedeu as fronteiras dos reinos de Galicia e Portugal, ata o punto de que o galego-portugués da época era unha lingua lírica empregada por poetas alleos a estes dous reinos.

Debido quizais á grande importancia desas xoias literarias que son as cantigas, habitualmente non nos detemos en dar a coñecer as tamén

magnificas obras medievais en prosa que se elaboraron no reino de Galicia. É certo que moitas delas son traducións ou adaptacións de textos latinos ou textos compostos noutras variedades romances da época (castelán, francés...) pero, aínda así, demostran que a literatura galega de entón fixo seus os principais temas literarios que circulaban pola Europa da época.

Así, na ***Crónica Troiana*** e na ***Historia Troiana*** podemos ler temas da **literatura clásica**: a guerra de Troia, o feitizo de Aquiles, a morte de Ulises, os amores de Helena e Paris...

O fragmento conservado do ***Livro de Tristán*** indícanos que tamén se verteron á nosa lingua páxinas relacionadas coa materia literaria creada arredor da corte do Rei Arturo, os seus Cabaleiros da Mesa Redonda e a busca do Santo Graal.

Ademais destas composicións de contido ficcional, outro grupo de obras ofrece unha pretensión máis **histórica**, aínda que na Idade Media a miúdo se mesturan os contidos históricos con contidos fantasiosos. Así na ***Geral Estoria*** preténdesenos contar a historia da humanidade, polo que podemos ler pasaxes bíblicas tan universiais como a creación do mundo, o diluvio universal ou a historia de Abraham.

Na ***Cronica geral galega*** cóntase unicamente a historia dos reinos (e reis) de Galicia, León e Castela desde finais do século VIII ata comezos do XIV. Se queremos completar a historia destes tres reinos peninsulares, ***A Crónica de 1404*** comeza o relato desde a creación do mundo ata comezos do século XV.

De temática máis galega son dous textos de **prosa relixiosa**. Un deles, os ***Miragres de Santiago*** está directamente relacionado co Camiño de Santiago e co culto xacobeo. Baséase en grande medida no que se conta no *Códice Calixtino*, texto latino do século XII tristemente coñecido a raíz do roubo do códice orixinal conservado na Catedral de Santiago. A finalidade destas obras é enxalzar a figura do apóstolo Santiago e promocionar a viaxe a Compostela con fins relixiosos. É digno de sinalar que nunha das partes dos *Miragres de Santiago* atopamos tamén unha temática común ás literaturas europeas medievais: a historia das loitas

do emperador Carlomagno contra os musulmáns, contada en clave relixiosa. É tamén de destacar outra parte desta obra: A *Guía do peregrino*. Trátase quizais da primeira guía turística da historia, nela ofrécese información sobre o Camiño de Santiago e acaba cunha descrición bastante pormenorizada da cidade de Compostela e da súa catedral.

O outro texto de carácter relixioso ó que nos queremos referir é a ***Crónica de Iria***, tamén relacionado coa temática xacobea, no que se pretende prestixiar a Igrexa de Santa María de Iria (Padrón), que foi perdendo poder polo influxo de Compostela.

Tamén conservamos un **texto** galego de carácter **técnico**: o ***Livro de Alveitaría*** [1]. Nel danse coñecementos sobre o cabalo, desde a súa descrición e coidados ata as súas doenzas e a forma de curalas.

Moitos son os textos de **carácter xurídico** en galego medieval que se conservan de modo máis ou menos completo. A meirande parte deles son traducións de obras compostas inicialmente en castelán, como é o caso das ***Sete Partidas***, o ***Foro Real***, as ***Flores de Dereito*** ou o ***Foro Juzgo***.

Podemos observar, polo tanto, que as clases sociais máis poderosas da sociedade galega destes últimos séculos da Idade Media promoveron a elaboración na lingua autóctona, o galego, dos textos máis importantes que circulaban pola Península Ibérica e pola Europa da época. Estas traducións ou adaptacións dos textos á nosa lingua non parece que viñesen motivadas, na maioría dos casos, pola incapacidade de entender os textos na lingua orixinal, senón polo desexo de prestixiar a lingua e cultura propias. Esta autoafirmación e prestixio do propio era unha forte arma de loita dos nobres galegos contra o poder real, que xa non estaba en Galicia, senón que se desprazara primeiro a León e máis tarde a Castela.

Finalmente non podemos esquecer que, ó lado das cantigas medievais ás que nos referimos ó comezo, ó lado da prosa de ficción, histórica, relixiosa, técnica ou xurídica, temos tamén unha enorme cantidade de textos de carácter legal escritos na nosa lingua entre os séculos XIII e

XV: testamentos, partillas, doazóns, compra-vendas, demandas, preitos; actas de concellos, cabidos e outras institucións civís, eclesiásticas, públicas e privadas; ordenanzas e regulamentos de gremios e confrarías... En resumo, o galego era a lingua usada nestes séculos en Galicia, tanto oralmente como por escrito, para todas as funcións e por todas as clases sociais.

Finalmente, cómpre indicar que, neste breve repaso, só nos referimos ós principais textos compostos no reino de Galicia. O número deles multiplicaríase se citásemos tamén os textos compostos no reino de Portugal, escritos nunha variedade lingüística que, nesa altura histórica, era a mesma que a usada no reino de Galicia.

Como é coñecido, esta situación lingüística comezou a mudar pouco a pouco na fin da Idade Media e, a partir do século XVI, xa o castelán pasou a ser a lingua de cultura en Galicia, o idioma que se escribía. O galego quedou relegado sobre todo á oralidade e mesmo as clases altas galegas se foron afastando progresivamente del nos séculos seguintes.

Pero esa é outra historia... Hoxe quixemos aproximarnos ós textos galegos medievais en prosa [2].

---

[1] A albeitaría é o coñecemento das enfermidades e dos coidados dos animais. Un/unha albeite é unha especie de curandeiro/a dos animais.

[2] Se o lector tiver interese en afondar no coñecemento da prosa medieval galega, seralle de grande utilidade esta obra: Corral Díaz, Esther & Ricardo Pichel (coords). (2020). *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://www.cirp.gal/pub/docs/argamed/argamed03.pdf >

Cita:

Moscoso Mato, Eduardo. 2026. Usos medievais da lingua galega: a prosa escrita. En Fernández Rei, Elisa & Álvarez de la Granja, María (coords.), Lingua viva. Santiago

de Compostela: Instituto da Lingua Galega. ilg.usc.gal/linguaviva [Consultado o 09/11/2026 ás 18:43].